



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, a data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDO NO PROCESO SELECTIVO POR OPOSICIÓN PARA 1 PEÓN PARA O CONCELLO DE VILASANTAR SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Exp. 2021/A008/000025
Exp. 2022/G003/000030

Visto que mediante o Decreto de Alcaldía nº 16/2022, de 03/02/2022, aprobáronse as bases para a contratación para a cobertura, con carácter temporal, de 1 posto de peóns do Concello de Vilasantar subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade por renuncia voluntaria dun traballador.

Vista a oferta de emprego de peóns de obras públicas remitido por este Concello á oficina de emprego de Melide para selección de candidato/a, en cumprimento dos requisitos da Orde do 12 de abril de 2021 (DOG nº73 20/04/2021) pola que se concedeu unha axuda para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) ano 2021.

Vista a solicitude do resultado da selección remitido pola Oficina de Emprego de Melide en data 08/02/2022, formulario da selección 12-2022-1169. Intentando contactar telefonicamente con todos os candidatos remitidos para comprobación de se cumpren os requisitos esixidos e se están dispoñibles para contratación, polo que se publica a listaxe definitiva.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

Primeiro.- Abocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Admitir definitivamente os aspirantes que se relaciona a continuación para ó proceso selectivo para a contratación para a cobertura, con carácter temporal, 1 posto de peón para o Concello de Vilasantar subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade:

NOME E APELIDOS
- MANUEL REY MELLID

Terceiro.- Excluir definitivamente os aspirantes que se relaciona a continuación para ó proceso selectivo para a contratación para a cobertura, con carácter temporal, 1 posto de peón para o Concello de Vilasantar subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade por non contestar a chamada telefónica ou cumprir os requisitos esixidos nas bases de contratación:

- ANTONIO PETRONILA DEL MORAL
- VICENTE MARTINEZ SANCHEZ
- MANUEL CONDE VILLAR



- JUAN ANTONIO CORRAL SANCHEZ

Cuarto.- Convocar a Comisión Seleccionadora para o 14 de febreiro de 2022 ás 09:30 na casa consistorial do Concello de Vilasantar para realización da entrevista e/ou proba práctica, convocar tamén os aspirantes admitidos para a realización da mesma e convocar os candidatos que non presentaron o Celga 1 para realización da proba de galego, exercicio-entrevista, a continuación da entrevista e/ou proba práctica.

Quinto.- Publicar a presente Resolución na páxina Web do Concello de Vilasantar e no taboleiro de anuncios do Concello.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a comunicación a Oficina de Emprego e notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria – Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE